

A CGC elabora o Informe de Promoción da Competencia IPRO 3/2022 sobre a concentración bancaria en Galicia desde o punto de vista da competencia.

A Comisión Galega da Competencia elaborou un informe de promoción que analiza a concentración bancaria en Galicia desde o punto de vista da competencia.

Este informe que supón a actualización do elaborado no ano 2017 quixo analizar tamén a redución do número de oficinas bancarias nas zonas rurais e o problema que iso pode significar no acceso ao efectivo nesas zonas.

Nas súas conclusións o Informe sinala, entre outras cousas o seguinte:

Que a evolución do Índice Herfindhal-Hirscham acredita o forte incremento do grao de concentración no mercado bancario español o que pode facilitar os comportamentos colusivos e a coordinación tácita entre as principais entidades e que daría lugar a unha redución da competencia no mercado.

Que sin embargo, o bancario é un mercado extraordinariamente complexo cuxo funcionamento competitivo depende da confluencia e interacción de múltiples factores, polo que o seu grao de concentración non é o único factor determinante do nivel de competencia.

Que a redución do número de oficinas de entidades bancarias desde decembro do 2016 ata xuño de 2022 presenta parámetros similares en toda España. A media de peche en España foi do 42,47% desaparecendo nese período 10.231 oficinas de entidades bancarias. Galicia está por baixo da media de España cun 37,08%.

Que concorren no mercado bancario galego unha serie de circunstancias que o Informe analiza e que permiten considerar que existe un elevado nivel de competencia entre os operadores, a pesar de ser o mercado bancario un oligopolio.

Que Galicia é a segunda CCAA de España coa maior porcentaxe de concellos no seu territorio no que teñen garantida a accesibilidade ao numerario os seus residentes, sendo só superada por Canarias. A media en España de concellos sen accesibilidade financeira é do 39,72% mentres que en Galicia sitúase no 1,91%.

Que esa exclusión no acceso ao efectivo móstrase como manifestación dun fallo de mercado que se produce cando o propio mercado non é capaz de asignar recursos de forma eficiente e estima que sería conveniente adoptar instrumentos públicos para evitar esa exclusión financeira. Que algunhas administracións, como a Xunta de Galicia, han tomando medidas para palialo.

Que para adoptar esas medidas o correcto, desde un punto de vista de técnica regulatoria e de eficiencia, é que sexa realizada por unha única administración e non por múltiples administracións con múltiples instrumentos. Con iso aseguraríase unha coordinación en todo o territorio nacional, un uniforme sistema de contraprestación, unha clara delimitación do interese xeral que concorre nese suposto, unha maior coordinación coas funcións de regulación e supervisión bancaria e unhas regras comúns nas licitacións.

A CGC considera que esa única administración que debería asumir esas funcións debería de ser a Administración do Estado.